



## **CONDICIÓN XERAIS DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS E PISCINA TERMAIS DE USO LÚDICO DO CONCELLO DE OURENSE**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

É obxecto da Concellería de Turismo e Termalismo do Concello de Ourense a xestión dos espazos termais e da piscina termal municipal como instalacións de uso público destinados mediante o baño ao aproveitamento lúdico das augas termais.

As características dos espazos e piscina termal precisan dunha serie de medidas e instrucións de uso encamiñadas a salvagardar as súas condicións e a manter en todo momento a súa salubridade e hixiene, así como garantir a súa calidade.

Para o mellor cumprimento destes fins, o Concello de Ourense establece unha serie de condicións xerais de uso e funcionamento que servirán, dunha parte, para garantir os dereitos dos usuarios, e doutra, para fixar as necesarias obrigas ou deberes destes coas instalacións, cos demais usuarios e co persoal que desenvolva as súas funcións nas mesmas.

A normativa de aplicación é a seguinte:

- Lei 8/2019, de 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (DOG núm. 2 de 03.01.2020)
- Guía para a elaboración do Plan de Autocontrol dos espazos termais necesario para a emisión do informe da Consellería de Sanidade sobre o aproveitamento lúdico da auga declarada termal”, sendo a súa última revisión de 4 de febreiro de 2022.
- Documento de Información mínima que se debe incluír no protocolo de autocontrol dunha piscina, elaborada pola Dirección Xeral de Saúde Pública en base ao artigo 11 do Real Decreto 742/2013, do 27 de decembro, polo que se establecen os criterios técnico sanitarios das piscinas.
- Guía para o cumprimento das medidas anti covid 19 nos espazos termais e piscinas de uso lúdico

### **I. Ámbito de aplicación**

As presente condicións xerais de uso son de aplicación aos espazos termais de uso lúdico de A Chavasqueira, Outariz e Burga de Canedo, autorizados por resolucións da Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de 3 de xuño de 2021 (Chavasqueira e Outariz) e de 9 de xuño de 2021 (Burga de Canedo). Así mesmo, son de aplicación á Piscina termal de uso lúdico





das Burgas, autorizada por resolución da Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de 28 de decembro de 2021.

Estas augas están declaradas de condición mineromedicinal e termal e están sometidas a controis microbiolóxicos e físico-químicos de salubridade e hixiene.

### **2. Condicións xerais de utilización.**

A. O uso dos espazos e da piscina termal de uso lúdico realizarase sempre baixo a responsabilidade dos usuarios. Recoméndase a consulta con un profesional da saúde antes de empregarlos.

Cando o usuario da instalación sexa un menor, serán responsables das consecuencias dos seus actos os seus pais, titores legais ou gardadores de feito.

En particular, o uso das instalacións debe realizarse baixo a supervisión dunha persoa adulta responsable no caso de:

- a) Persoas dependentes ou que non dispoñan de autonomía suficiente para a correcta utilización das instalacións
- b) Persoas que padezan trastornos psíquicos ou de comportamento.
- c) Nenos/as de 10 a 14 anos de idade

B. Os usuarios deberán respectar, en todo caso, as condicións específicas de uso de cada espazo termal e da piscina termal que figuran expostas en cada instalación, conforme ao Modelo que figura como Anexo a este documento.

C. O Concello, a través do persoal de atención das instalacións, ten a facultade para negar o acceso ou requirir o abandono das instalacións a aquelas persoas que incumpran de forma reiterada calquera das condicións contidas neste documento, ou cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios, sen prexuízo de esixir calquera outro tipo de responsabilidades que correspondan, en caso de actos contra a convivencia pacífica, comportamentos desaxeitados cos usuarios e co persoal que atende as instalacións, uso indebido ou destrutivo das instalacións ou material municipal, ou cualquier outro que perturbe o correcto funcionamento das instalacións.

D. O acceso aos diferentes espazos e piscina termal de uso lúdico estará limitado en función da cabida dos mesmos e das medidas sanitarias e de seguridade aplicables en cada momento, no seu caso.

E. O tempo de permanencia dentro da zona de baño do espazo termal de uso lúdico ou piscina termal será como máximo de 90 minutos e a duración do baño será como máximo de 30 minutos. Recoméndase descansar brevemente despois do baño.





Os usuarios deben evitar a exposición prolongada ao sol antes do baño e manterse debidamente hidratados.

F. O Concello non se fará responsable ante o usuario en caso de accidentes ou danos derivados do incumprimento, por parte deste, das presentes condicións de uso, dun comportamento negligente doutro usuario ou dun mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos.

Existen armarios a disposición dos usuarios para gardar obxectos persoais. Os usuarios deberán recoller as súas pertenzas antes de abandonar as instalacións. O Concello de Ourense non se responsabiliza de posibles perdas, deterioros, roubos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiras persoas.

Os obxectos atopados nas instalacións termais serán remitidos á oficina de obxectos perdidos, xestionada pola Xefatura da Policía Local de Ourense, sendo de aplicación o réxime establecido no artigo 615 do Código Civil.

### **3.- Obrigas dos usuarios:**

Son obrigas dos usuarios as seguintes:

- a) Ducharse antes do baño. A ducha recoméndase facela con xabón para eliminar calquera resto de crema ou outros produtos e así non contaminar a auga termal.
- b) Empregar chancletas e roupa de baño adecuada. Non se permitirá o acceso á zona de baño a persoas con calzado e roupa de rúa
- c) Respectar en todo momento as indicacións do persoal de atención.
- d) Respectar a instalacións e os seus equipamentos. Non está permitido manipular grifos, arquetas nin ningún outro elemento da instalación.
- e) Contribuír á tranquilidade do espazo lúdico termal, mantendo baixos os niveis de ruído e conversación.
- f) Comunicar ao persoal de atención calquera incidencia que se produza nas instalacións.
- g) Respectar os horarios de funcionamento das instalacións
- h) Non abandonar desperdicios e empregar as papeleiras
- i) Recoller as súas pertenzas antes de abandonar as instalacións. Os armarios deben quedar sempre baleiros. Todas as pertenzas serán retiradas ao final de cada xornada.

### **4.- Actuacións non permitidas nos espazos e piscina termal**

4.1. Non está permitido o baño a:

- a) Persoas con enfermidades infecciosas, con transmisibilidade á colectividade, e que estea en período infectivo.
- b) Persoas con sistemas de retención de fluídos biolóxicos non axeitados (serán os que poidan desprenderse e poidan nalgún momento deixar saír restos á auga). A modo de exemplo, ostomías mal seladas, vendaxes non impermeables, cueiros non adaptados ao baño.





c) Persoas menores de 10 anos, debendo acreditarlo, nos casos en que fose requirido, mediante o correspondente documento de identidade.

4.2. Non está permitida a realización das seguintes accións:

- a) Introducir vasos, botellas, obxectos de vidro ou similares nas instalacións
- b) Introducir material alleo (bicicletas, flotadores, pelotas, etc.)
- c) Acceder con animais (agás cans guía no caso de persoas invidentes ou con discapacidade visual)
- d) O uso de aparatos de música, teléfonos, cámaras de fotos ou de gravación, etc.
- e) A inxesta de bebidas e/ou alimentos
- f) Fumar, vapear ou utilizar calquera clase de pipa ou cigarrillo electrónico, ou dispositivos electrónicos análogos en toda a instalación
- g) Mergullarse, introducir ou expulsar auga pola boca.
- h) Calquera comportamento que poida molestar as demais persoas usuarias (salpicar, correr, saltar, facer excesivo ruído, etc)
- i) Obstaculizar as zonas de acceso a cada vaso, así como os puntos de entrada de auga aos mesmos.
- j) Permanecer nas zonas empedradas adxacentes a cada vaso
- k) Afeitarse, depilarse, lavar roupa ou calquera outra actividade que non sexa a específica en función do seu deseño e elementos.
- l) Ofertar, prestar ou garantir servizos terapéuticos nas instalacións

### **5.- Dereitos dos usuarios**

Os usuarios terán os seguintes dereitos:

- a) Ao uso lúdico das instalacións e servizos do espazo e piscina termais durante o tempo máximo de 90 minutos.
- b) Ao baño nos vasos durante un tempo máximo de 30 minutos
- c) A ser atendidos e tratados correctamente polo persoal encargado da atención das instalacións
- d) A recibir información relativa ao funcionamento e normas de uso do espazo termal
- e) A dispor, en lugar accesible e visible en cada instalación, da información esixida na Lei 8/2019 e nas guías de elaboración do protocolo de autocontrol dos espazos e piscina termal da Xunta de Galicia.
- f) A dispor, na páxina web do Concello de Ourense, da información actualizada respecto ás condicións de utilización dos espazos e piscina termal de uso lúdico e das instrucións ou normas que a estes efectos sexan ditados pola Xunta de Galicia
- g) A formular as queixas, suxestións ou reclamacións que estime convenientes a través do Rexistro xeral do Concello de Ourense, ou da Oficina de Atención Cidadá, ou mediante calquera das formas legalmente previstas.





### **6.- Sistema de reserva anticipada**

O Concello de Ourense habilitará os medios necesarios para xestionar o uso da instalación, tendo en conta o cumprimento en todo momento da cabida máxima establecida para cada vaso e o tempo máximo de duración do baño. A tal efecto, mediante resolución da concellería – delegada, poderá establecerse como obrigatorio o sistema de reserva anticipada para o acceso aos espazos e piscina termais.

Ourense, na data da sinatura electrónica

### ***DILIXENCIA DE APROBACIÓN***

*Para que conste que o documento que precede á presente, foi aprobado pola Xunta de Goberno local do Concello de Ourense. Faise constar que se incorpora ó correspondente expediente electrónico a comunicación asinada por esta Secretaría ó respectivo servizo do acordo tomado.*

*E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en Ourense na data de sinatura electrónica.*

*O/a concelleiro/a-secretario/a da Xunta de Goberno local*

